Axenda Cultural

Concello de Ortigueira

Novembro 2021

14 DOMINGO

10:00 h. Alameda de Ortigueira

32ª FEIRA DO MEL
6ª FEIRA DA MAZÁ

O 14 de novembro terá lugar a 32ª Feira do Mel e 6ª Feira da Mazá na Alameda. Haberá postos de artesanía, degustacións, charlas, maquinaria agrícola... E moito máis!

21 DOMINGO

19:30 h. Teatro da Beneficencia
CONCERTO
"Honra a Santa Icía"
BANDA DE MÚSICA DE ORTIGUEIRA
Entrada gratuíta
(Organizado pola Banda de Música de Ortigueira)

O 22 de novembro celébrase a patroa dos músicos, Santa Icía. Despois de un ano sen poder festexalo, retómase a actividade e a Banda de Música de Ortigueira organiza o seu tradicional concerto no Teatro de Beneficencia.

20 SÁBADO

19:30 h. Teatro da Beneficencia
CONCERTO
Ciclo "Festival no Teatro"
DAVIDE, FRANSY & CIBRÁN
Entrada: 4,50 €
Anticipadas: do martes 16 ao venres 19 nas oficinas de Cultura de 10:00 a 13:00 h. ou no correo: teatro@festivaldeortigueira.com

Davide Salvado (percusión e voz), Fransy González (percusión e voz) e Cibrán Seixo (violín e mug) son tres coñecidos músicos de ampla traxectoria no panorama musical galego e internacional. Da unión destas tres carreiras artísticas individuais xorde esta nova proposta musical e escénica, partindo dun repertorio de música tradicional pura como os intérpretes aprendenderon nas aldeas. Fransy e Davide son dúas das principais voces do panorama musical galego, con actuacións tamén noutros países ao longo das últimas décadas. Cibrán achega ao conxunto a melodía do violín, nunha unión de instrumentos totalmente compacta. Voz, pandeireta e pandeiro son os ingredientes principais desta idea conxunta, cunha nova sonoridade na que mostran cancións de sempre sen perder, cada un deles, o seu estilo persoal.

MES CONTRA A VOLENCIA DE XÉNERO

10 MÉRCORES
IES de Ortigueira
Charla afectivo -sexual contra a LGTBIfobia nos centros educativos: Coñecer para respectar

13 SÁBADO
Pavillón IES de Ortigueira
Seminario de Defensa Persoal Femenina para mulleres entre 14 e 70 anos.
(Promovido pola Deputación da Coruña)

15 LUNS
IES de Ortigueira
Obradoiro sobre ciberdelitos de naturaleza sexual

25 XOVES
Concello de Ortigueira
Acto de lectura o 25N ás 12:00 h de textos e poemas relacionados coa temática do Día Internacional da eliminación da violencia contra á muller
Distribución do material da Campaña entre os asistentes e os centros educativos

EXPOSICIÓNS

TODO O MES

Sala de Exposicións
EXPOSICIÓN
"Julio Dávila. 150 aniversario"
Horarios de visita:
De luns a venres de 10:00 a 14:00 h

DO 8 AO 30

Claustro do Concello
EXPOSICIÓN
Carteis da Campaña Municipal contra a violencia de xénero "Implícate, son as túas veciñas"
Horarios de visita:
De luns a venres de 10:00 a 14:00 h

ESTA PROGRAMACIÓN PODE ESTAR SUXEITA A CAMBIOS SEGUNDO AS DIRECTRICES SANITARIAS EN RELACIÓN COA CRISE DA COVID-19

X21 · XUNTA DE GALICIA · AGADIC · Deputación da Coruña · Cabo Ortegal Proxecto de Xeoparque · Concello de Ortigueira